



RESOLUCIÓN DO 15 DE XANEIRO DE 2018, DA DIRECCIÓN XERAL DE XUSTIZA, REFERENTE Á COLABORACIÓN DO PERSOAL DA ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA COA *MUTUALIDAD GENERAL JUDICIAL*

A *Mutualidad General Judicial* (MUGEJU) formuloulle unha solicitude a esta dirección xeral trasladando a necesidade de regular as autorizacións ao persoal ao servizo da Administración de xustiza para que poidan actuar, sen exención das funcións propias do seu posto, como colaboradores coa MUGEJU. Estas autorizacións estenderíanse á realización de tarefas administrativas e de atención ao mutualista nas distintas provincias en que as competencias en materia de Xustiza non foron transferidas ás respectivas comunidades autónomas.

A organización periférica da mutualidade véñse sustentando nas delegacións provinciais, dirixidas cada unha delas por un delegado, consonte o establecido no artigo 16 do Real decreto 1206/2006, do 20 de outubro, polo que se regulan a composición e funcións dos órganos de goberno, administración e representación da mesma.

Estas delegacións provinciais, que desenvolven a misión executiva desconcentrada de aproximación ao mutualista e de enlace cos servizos centrais, requiren dun traballo auxiliar de apoio administrativo ao delegado, que comprende tarefas tales como a asistencia directa ao mutualista, a tramitación de altas e baixas, a expedición de tarxetas de afiliación e outras de carácter similar.

A realización das ditas tarefas véuselle encomendando, sen regulación formal ata o de agora, de forma moi reducida e como colaboradores voluntarios, a persoal da Administración de xustiza destinado en cada provincia, sen exención das súas funcións propias e como actividade accesoria, sendo compensada economicamente cunhas pequenas cantidades trimestrais, aboadas ininterrompidamente con cargo ás dotacións orzamentarias da mutualidade e establecidas na súa contía por esta. O número de colaboradores en cada provincia establécese de acordo co tamaño do colectivo de mutualistas e beneficiarios existentes en cada unha delas.

Por canto antecede, e co fin de regular formalmente as referidas colaboracións, esta dirección xeral, no exercicio das súas funcións, resolve:





Primeiro. Autorizarlle ao persoal da Administración de xustiza a colaboración coa *Mutualidad General Judicial* para a realización de tarefas accesorias de atención ao mutualista, asesoramento e apoio auxiliar ao delegado provincial da mesma en cada provincia, dentro do ámbito competencial territorial do Ministerio de Xustiza. Para poder realizar esta colaboración requirirase designación expresa por parte da mutualidade e a aceptación voluntaria por parte do colaborador, que deberá ser comunicada a esta dirección xeral antes do inicio efectivo da colaboración. Así mesmo, as baixas e altas sucesivas deberán ser comunicadas en todo caso, canto máis axiña sexa posible, a esta dirección xeral.

Segundo. Establecer un número máximo de colaboradores a designar en cada provincia, segundo o cadro que a continuación se detalla:

PROVINCIA	COLABORADORES
A CORUÑA	3
LUGO	2
OURENSE	3
PONTEVEDRA	2

Calquera designación dun novo colaborador que supoña exceder o número máximo de colaboradores autorizados nunha provincia requirirá ou ben a baixa dun dos previamente designados ou ben a solicitude a esta dirección xeral dunha modificación da dotación provincial establecida na presente resolución.

Terceiro. Autorizarlle ao referido persoal colaborador a percepción das compensacións económicas que estableza e determine a *Mutualidad General Judicial*, as cales serán aboadas integramente por esta con cargo ás súas dotacións orzamentarias.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

